

TEMA 27. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado terá que referirse ao **contexto no que se produciu a conspiración militar** para pasar deseguido a abordar a **organización da sublevación**, que rematou coa división de España en dúas zonas (unha fiel á República e outra dominada polos sublevados), explicando **como foi percibido o conflito polos dous bandos e as repercusións da guerra española** no escenario político previo á II Guerra Mundial e apoios recibidos.

CONTEXTO E ORGANIZACIÓN DA SUBLEVACIÓN

Despois do **Bienio de Dereitas**, que paralizara todas as reformas da etapa anterior, e cun clima cada vez máis tenso e violento, • con enfrontamentos directos nas rúas de fascistas con comunistas e anarquistas • e líderes políticos armados e falando de aplastar ao rival ou de ir a unha guerra se o outro gañaba nas eleccións (**Gil Robles** na dereita, **Largo Caballero** na esquerda) en febreiro do 36, celébranse novas eleccións, que serán as últimas xa da Segunda República. As esquerdas, por primeira vez, presentábanse unidas, baixo o nome de **Fronte Popular*** e as dereitas o facían no chamado **Bloque Nacional** (salvo **CEDA** e **Falanxe**, que ían por libre). O **resultado** foi apretado en votos, pero a **Fronte Popular** obtivo case o dobre de escanos. O medo a unha inmediata sublevación militar da dereita contra este resultado, fixo que rapidamente se encargara formar goberno a **Manuel Azaña**, líder da **Fronte Popular**, quen reactivou todas as reformas sociais e políticas paralizadas polo **Bienio de Dereitas**, e dispersou ao máximo aos xenerais máis contrarios á República (**Mola**, **Sanjurjo**, **Franco...**) Todo isto, nun contexto de crise económica, violencia na rúa e políticos invocando ao exército. Pero *“o ambiente se podía... e España comezaba a cheirar a pólvora e sangue”*. Só faltaba unha chispa, e chegou o **12 e 13 de xullo**, cos asasinatos (o 2º en vinganza do 1º) de:

- 1) O **tenente Castillo**, socialista e Garda de Asalto, a mans de pistoleiros de Falanxe
- 2) O **líder do Bloque Nacional** (dereita), **Calvo Sotelo**, a mans de compañeiros de Castillo.

Desde **Pamplona**, o xeneral Emilio Mola, acelera o **plan para iniciar a sublevación militar**, Esta comeza o 17 de xullo en África, a onde **Franco** voa desde Canarias para poñerse á fronte; e o 18 na península, cun plan claro: tumbar a República e instaurar rápido unha ditadura militar. Pero en Barcelona, Madrid, Valencia, Oviedo ou a metade de Andalucía, non logran o buscado. O fracaso do golpe no seu obxectivo de tomar toda España, provocou o inicio da guerra civil, deixando España dividida en 2 zonas: a fiel á República, e outra dominada polos sublevados, que viñan a coincidir coa

división previa entre reformistas e antirreformistas.

A ZONA REPUBLICANA (forma de ver o conflito e apoios) Para o bando republicano ou do goberno (“rojos”, despectivamente, para os sublevados) tratábase de defender a república, a democracia e as liberdades (contra o fascismo). Desde o inicio conta coas principais cidades, as zonas industriais e de latifundios. Militarmente, tivo o apoio da Garda de Asalto, Aviación e boa parte da Mariña e Infantería. Socialmente, contaban co apoio de: ✓ obreiros, xornaleiros e clases medias urbanas (pequena burguesía) ✓ republicanos de esquerdas, socialistas, comunistas, anarquistas, intelectuais... E a nivel internacional (pois esta Guerra se viu como antesala da posible IIGM), co único apoio da URSS de Stalin, México e as Brigadas Internacionais (explicaremos logo).

A ZONA SUBLEVADA (forma de ver o conflito e apoios) Para o bando sublevado ou “azul” (eles o chamaban “nacional”; os republicanos, “fascista”), o “alzamento nacional” era o único modo de impoñer orde e eliminar aos “inimigos da patria” (comunistas/bolxeviques/rojos... e anarquistas, nacionalistas periféricos, ateos...). Desde o inicio, controlan as illas, Marrocos, Galicia, Castela e León, Navarra e metade andaluza. Militarmente, tivo o apoio da Garda Civil, a Lexión e Exército de África e parte da Mariña. Socialmente, estiveron apoiados por: • terratenentes, patróns e a Igrexa (que a denominará unha “Cruzada” ou guerra santa) • monárquicos (alfonsinos e carlistas), fascistas e a dereita conservadora. E a nivel internacional, é onde logran desequilibrar a balanza ao seu favor, ao ter apoio da Alemaña nazi, a Italia fascista e o Portugal do ditador Salazar (como explicaremos logo).

DESENLACE E DIMENSIÓN INTERNACIONAL DA GUERRA

A guerra comeza en **xullo do 36** e remata o **1 de abril do 39**, coa vitoria final dos sublevados. Ese 1 de abril, tras poder tomar por fin Madrid, Franco asinaba o último parte de guerra. A vitoria do bando franquista na guerra foi posible grazas a **varios factores**:

- 1) O apoio económico das oligarquías españolas.
- 2) O feito de ter as tropas mellor preparadas do exército español (Lexión e africanistas).
- 3) Os enormes problemas do Goberno na zona Republicana para lograr unir esforzos, con enfrontamentos contínuos entre: - o grupo dos comunistas e socialistas (1º a guerra, logo a revolución) - vs. anarquistas (CNT) e trotsquistas (POUM) (1º a revolución social, logo centrarse na guerra), e con cada un grupos organizándose e destes actuando moitas veces por libre... en cambio, na zona sublevada: mando único, disciplina militar e todo se centrou na guerra.

4) E por último, pola **axuda internacional recibida**, máis abundante e máis sostida no tempo.

A **nivel internacional**, a guerra civil rapidamente provocou tensións en Europa, nun momento (os anos 30) no que o auxe do fascismo en **Italia** e **Alemaña** preocupaba moito. Desde o inicio, Reino Unido e Francia, con medo a que se precipitara unha guerra mundial, buscaron un acordo de “Non Intervención” no conflito, logrando que asinaran 27 países. Pero **Alemaña** e **Italia** non cumpriron o asinado e proporcionaron armas, avións, material... desde o 1º día, que desequilibraron a balanza en favor **do bando sublevado**, xa que:

- A aviación alemá e italiana permitiron pasar 40.000 soldados desde o N de África.
- E bombardear cidades como Guernica, Barcelona ou Madrid, onde puideron ensaiar con extrema crueza as técnicas de combate e destrución que despois usarían na IIGM.
- Aportáronse tropas voluntarias: “**Camisas Negras**” italianos e “**Viriatos**” portugueses
- E fíxose así innecesaria a ocupación de zonas industriais republicanas para obter armas.

En cambio, **no bando republicano**, a axuda internacional tardou máis en chegar e foi menor:

- ✓ a **URSS**, a potente ditadura comunista de **Stalin**, tardou en ofrecer axuda, (comezou cando viu que **Alemaña** e **Italia** se saltaban a Non Intervención). que o goberno da República tivo que pagar coas reservas de ouro do Banco de España.
- ✓ **México** fixo algúns envíos e ofreceuse para acoller refuxiados e darlles un novo fogar
- ✓ e finalmente, as **Brigadas Internacionais***, voluntarios chegados de máis de 50 países que, organizados polos partidos e sindicatos socialistas e comunistas, viñeron a España a unirse ao bando republicano para loitar contra o fascismo. A guerra civil española acabaría sendo a antesala da **Segunda Guerra Mundial**, que comezaría tan só uns meses despois do final da nosa contenda (1 de setembro’39), e na que os fascismos poñerían contra as cordas ás democracias e o comunismo da URSS. En Galicia non houbo guerra civil (apenas uns días de resistencia nalgún lugar; o último: **Tui**). O que si houbo foi un exterminio continuo, desde o primeiro día, da poboación fiel á República. Do 36 ao 39, case 5000 galegos foron asasinados, o 70% executados en “paseos” sen xuízo. O 30% restante, mediante unha sentenza a morte en xuízos sumarísimos. Era o **plan de Mola**: un golpe rápido e en extremo violento para anular de raíz ao inimigo.

Bibliografía:

- Libro de 2º de Bacharelato de Historia de España. Editorial Baía.
- Somos Historia do profesor Miguel Abreira. [COMPOSICIÓNS · SÉCULO XIX E XX](http://somoishistoriaconmiguelabraira.blogspot.com)
(somoishistoriaconmiguelabraira.blogspot.com)